

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA CONECTADAS 2018

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 21 de decembro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar as seguintes bases reguladoras do programa “Conectadas 2018”:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “CONECTADAS” 2018

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, convoca unha nova edición do programa “Conectadas” co obxectivo de potenciar a participación e a promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais igualitarias, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis democrática, xusta e solidaria. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de calquera discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero en todos os ámbitos da vida, singularmente nas áreas económica, social, laboral, cultural e educativa.

No artigo 2 da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establécese que todas as persoas gozarán dos dereitos derivados do principio de igualdade de trato e da prohibición da discriminación por razón de xénero. Os poderes públicos deben adoptar as medidas oportunas para garantir o exercicio efectivo dos dereitos de mulleres e homes en condicións de igualdade.

Cando se fala de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes faise referencia á necesidade de garantir o acceso de todos os membros da sociedade á participación, sobre as bases da igualdade, nas distintas esferas e actividades: económica, política, de participación social, educativa, formativa, laboral, entre outras.

Para que esta situación sexa real e efectiva a formación é un instrumento imprescindible. Un dos cambios máis destacados que experimentou a sociedade galega nos últimos anos foi no relacionado coa situación das mulleres. O seu nivel de formación constitúe un activo importantísimo para si mesmas, para as empresas e para a sociedade no seu conxunto.



B A S E S

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é o de regular a convocatoria pública por parte da Deputación do programa “Conectadas” para o ano 2018, que ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade para favorecer as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias, contribuír a mellorar a súa empregabilidade e o seu mantemento no mercado de traballo e reducir a fenda dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías.

Segunda. Entidades destinatarias

A Deputación considera necesario fomentar o asociacionismo entre as mulleres, xa que precisamente son as asociacións, federacións e fundacións que teñen por obxecto favorecer as mulleres as que, coas súas actividades, poden incidir de forma directa na participación e a promoción destas na sociedade pontevedresa.

Este programa irá destinado a asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoién o seu desenvolvemento e empoderamento, ao igual que o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade entre mulleres e homes.

As accións formativas estarán abertas a toda a poboación da provincia de Pontevedra, mais as mulleres terán preferencia. Reservarase só o 25 % do total das prazas para homes, agás no bloque de contidos “Súmate ao cambio”, no que a participación pode ser mixta, xa que se cubrirán as prazas ao 50 % (en caso de existiren vacantes poderá ampliarse esta porcentaxe).

Terceira. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

Cada entidade poderá realizar unha única solicitude, que se presentará no Rexistro xeral da Deputación, en calquera das oficinas de rexistro da institución provincial ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pódense consultar as distintas oficinas de rexistro existentes e os horarios na seguinte ligazón: <http://www.depo.es/servizos-a-cidadania/centros/rexistro>.

En caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro da Deputación), o envío deberá certificarse co selo de Correos no formulario de solicitude para garantir que a data de remisión está dentro do prazo de presentación de solicitudes da orde da convocatoria. As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas para todos os efectos no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro do organismo provincial, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

As bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e posteriormente remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do extracto desta, sen prexuízo da súa inserción na páxina www.depo.es e no taboleiro de anuncios.



O prazo para a presentación de solicitudes será de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Cuarta. Documentación

As solicitudes formularanse seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, no da súa sede de Vigo ou na web www.depo.es.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Copia do DNI da presidenta ou presidente da entidade
- Copia do CIF da entidade
- Certificado acreditativo do cargo
- Memoria das actividades do ano 2017 na que se especifiquen detalladamente os traballos realizados no eido da muller e en prol da igualdade

Quinta. Condicións do programa

As accións formativas terán unha duración de 35 horas, repartidas entre dúas e tres horas semanais, e a entidade solicitante poderá escoller se estas se realizan no mesmo día ou en días alternos, dependendo das necesidades das persoas participantes. Ademais, poderanse incrementar as horas semanais ata un máximo de catro en caso de se considerar oportuno pola actividade que se vaia desenvolver.

En todas as accións formativas deberá incluírse de forma transversal nos seus contidos o tratamento da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Ademais, impartirase un módulo de sensibilización na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de cinco horas de duración.

Este módulo é obrigatorio, as persoas participantes que non asistan non recibirán o diploma e aquelas entidades que se neguen á súa realización non poderán participar na vindeira edición do programa.

O número máximo de prazas por cada acción formativa virá establecido no catálogo segundo a especialidade e poderá variar entre 20 e 25. Para levar a cabo calquera acción formativa será necesario reunir un mínimo de 15 persoas. De non ser así a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Igualdade do organismo provincial e valorar as opcións existentes antes de anular o curso.

No caso de que as prazas se queiran ampliar debido á elevada demanda a entidade poderá solicitarllo á Deputación, sempre que as instalacións e o tipo de obradoiro o permitan.

A institución provincial levará a cabo estas accións formativas a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, da coordinación e da avaliación do programa.

Os obradoiros deberán realizarse durante o ano 2018.



Sexta. Entidades participantes

Cada entidade poderá escoller unha soa acción formativa do catálogo ofertado e aceptará as obrigas que correspondan para cada unha delas:

- Características da aula (de non cumprirse deberán escoller outro obradoiro)
- Material do que se debe dispoñer (acondicionamento mínimo, ver catálogo)
- Material que debe ter o alumnado (ver catálogo)
- Coñecementos mínimos (ver catálogo)

Na elección da acción formativa deberán terse en conta as instalacións coas que conta a entidade, os equipamentos dos que dispón e as súas características específicas, ademais do material que deberá levar o alumnado, tendo en conta o que recolle o catálogo para cada acción formativa.

A entidade proporcionará a súa sede ou un local de uso público para a realización do obradoiro. Deberá contar cunha aula-obradoiro con espazo suficiente para a realización de actividades prácticas ou tarefas manuais, que estea debidamente acondicionada, con ventilación natural, iluminación suficiente, electricidade e toma de auga. Esta aula deberá estar equipada, ademais, con mobiliario (mesas e cadeiras) para a persoa docente e para as persoas participantes no obradoiro.

A entidade solicitante autorizará a Deputación, ao se adherir a este programa, a publicar na páxina web os datos de contacto e o lugar no que se levará a cabo o obradoiro e a incorporar a relación de persoas participantes aos ficheiros informáticos da institución provincial.

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, coa finalidade de conter a información das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación.

Así mesmo, as entidades participantes autorizarán a obtención de imaxes das instalacións onde se levará a cabo a acción formativa escollida co fin de poder verificar que o local recolle as condicións óptimas para o correcto desenvolvemento do obradoiro.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do obradoiro deberá comunicárselle inmediatamente ao Servizo de Igualdade da institución provincial para así poder emendala.

As entidades participantes no programa non poderán esixirlles ningunha cota ou calquera outra contía superior a seis (6) euros, estipulada nestas bases, ás persoas que realicen a acción formativa. En caso de calquera reclamación ou queixa por este motivo as entidades poden ser penalizadas coa non participación en edicións posteriores.

Unha vez concedida a acción formativa e establecida a data de inicio, a entidade solicitante deberá enviarlle a relación definitiva das persoas participantes á empresa adxudicataria, como mínimo cunha semana de antelación respecto ao día de comezo marcado. Nesta relación figurarán os nomes e apelidos, o número de DNI e mais o teléfono de contacto de cada participante.



Sétima. Obrigas das persoas participantes

As persoas participantes en cada obradoiro deberán aboar a cantidade de seis (6) euros e serán responsables de levar os materiais esixidos en caso de que fose preciso (ver catálogo). Esta cantidade non se devolverá a non ser que a baixa na acción formativa sexa por causas de forza maior.

O primeiro día a persoa responsable ou representante da empresa adxudicataria será a encargada de recoller a cota de seis (6) euros de cada persoa participante e de entregarlles a todas elas o xustificante correspondente.

Unha vez comezado o curso será cada participante quen decida se quere ou non asinar a cesión de dereitos de imaxe, permitindo así a obtención de fotos durante a execución dos obradoiros para a difusión e a promoción do programa.

O alumnado deberá levar o material requirido no catálogo para a acción formativa escollida, polo que é importante, á hora de elixir, ter en conta de que materiais deben dispoñer.

Unha vez rematada a acción formativa entregaráselles un diploma acreditativo da boa execución e das horas de formación recibidas ás persoas participantes que cumprisen os requisitos de asistencia e entregasen unha copia do DNI previamente.

Os diplomas poderán entregarse ao remate de cada acción ou á finalización do programa. Neste último caso realizarase unha clausura e entrega conxunta dos diplomas ás diferentes entidades participantes.

Para a obtención do diploma non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % de faltas xustificadas.

Oitava. Obrigas da empresa adxudicataria

A Deputación levará a cabo as accións formativas a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, coordinación e avaliación do programa.

A empresa adxudicataria achegará en cada acción formativa os seguintes elementos:

- O persoal docente coa titulación regulamentaria e con experiencia suficiente na categoría profesional oportuna
- Os materiais precisos para a boa execución da actividade (ver catálogo)
- Unha carpeta co programa, folios e un bolígrafo para cada participante
- Os manuais coa parte teórica
- Unha copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Polo xeral as aulas deberán contar, segundo a acción formativa escollida, con equipos audiovisuais, informáticos ou utensilios de cociña. No caso de non contar con todo o equipamento mencionado terá que achegalo a empresa adxudicataria, sempre e cando exista a posibilidade de que permaneza instalado na aula durante o tempo que dure a actividade sen risco de que o manipulen persoas alleas



A empresa adxudicataria será a responsable de coordinar coa presidencia da entidade o lugar onde se impartirá a acción formativa, do que deberá dispoñer a asociación. Tamén se encargará de solicitar a relación definitiva de persoas participantes e de realizar as comunicacións precisas para informar do día, da hora e do lugar de realización.

Novena. Procedemento de concesión

A instrución dos expedientes corresponderalle, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, ao Servizo de Igualdade, e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno.

No caso de que o número de solicitudes exceda o número de accións formativas ofertadas terase en conta o rexistro de entrada daquelas que estean debidamente cubertas e tamén que acheguen a documentación esixida no prazo estipulado.

Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se achega a documentación esixida requiriráselle á entidade interesada que, nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que de non presentalos se considerará desistida a súa petición.

Décima. Orzamento

A contía consignada para o programa “Conectadas”, que se regula nesta convocatoria, ascende para o ano 2018 a trescentos vinte e catro mil (324.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 18/250.2315.227.07 do Orzamento ordinario da Deputación, sen prexuízo de que este crédito se amplíe.

A institución provincial establece a convocatoria das accións formativas do programa “Conectadas”, no marco de actividades para mulleres, ofertando inicialmente un total de 249, que poderán incrementarse en base ao prezo definitivo da empresa adxudicataria.

No suposto de que as accións ofertadas nesta convocatoria non quedasen cubertas o organismo provincial poderá abrir unha nova convocatoria.

Décimo primeira. Publicidade

Débase facer constar a organización e a colaboración da Deputación de Pontevedra mediante a inclusión da súa imaxe institucional en toda a publicidade que se elabore, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Para as posibles consultas relacionadas con este tema está dispoñible o seguinte enderezo de correo electrónico: comunicación@depo.es.



Martes, 16 de xaneiro de 2018

Núm. 11

Décimo segunda. Prazo de vixencia

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018, prazo que poderá ampliarse para a súa boa execución.

Décimo terceira. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial

Pontevedra, 4 de xaneiro de 2018

A DEPUTADA DELEGADA

Asdo. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

O SECRETARIO

Asdo. Carlos Cuadrado Romay

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: G40PTV58E6DUL4E

